

Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBADUMIA

Recadación

COBRANZA DO IAE 2020

APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DO IAE, EXERCICIO 2020

Aprobado por resolución da Alcaldía de data 01 de setembro de 2020, o padrón do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) correspondente ao exercicio 2020, estará a disposición do público nas oficinas municipais, durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro. Durante o devandito prazo os interesados/as poderán examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública do Padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade do disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, ponse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso en período voluntario do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) correspondente ao ano 2020 será o comprendido entre o 15 de setembro e o 20 de novembro do 2020, ambos inclusive, no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora. Para os recibos domiciliados a data de cargo en conta será o día 10 de outubro de 2020.

O Imposto deberá pagarse a través das seguintes entidades colaboradoras ABANCA, BANCO SABADELL E BANCO SANTANDER.

Transcorrido o prazo voluntario, os débitos impagados serán esixidos polo procedemento executivo, e devengarán os recargos do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se xeren, de conformidade co establecido nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Alcalde—Presidente, D. David José Castro Mougán.

